PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA

# EXPOSICIÓN PÚBLICA DA **TOPONIMIA** DO

# CONCELLO DE SARRIA

CASA DA CULTURA DE SARRIA

O MÉRCORES 24 DE OUTUBRO DE 2007 ÁS 12:00



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

medio rural

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

CONCELLO DE SARRIA

## O PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA

A microtoponimia (nomes de terras, montes, valgadas, regueiros, fontes, penedos, muíño…) deste concello recolleuse dentro do marco do Proxecto Toponimia de Galicia. Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, naceu no ano 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo.

Galicia conta con milleiros de topónimos. Esta abundancia de nomes viuse favorecida pola dispersión dos núcleos de poboación; a enorme repartición da terra (minifundismo); unha orografía irregular e dificultosa; a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros; a variada vexetación… e a propia idiosincrasia dos galegos de querer nomear cada anaquiño da súa terra. Estas circunstancias permitiron que exista en Galicia este abundantísimo e riquísimo manto toponímico que cobre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizándoa e engadíndolle un amplo pouso histórico de incalculable valor.

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste avoengo tesouro toponímico. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a toponimia galega, confeccionando unha base de datos a través dunha exhaustiva e coidadosa recolleita oral, transcrición e revisión científica de cada nome. Será unha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proxecto emprega unha novidosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIX (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.

## PROGRAMA

**11:30 h** Exposición das fotos

**12:00 h** Acto de presentación

**13:00 h** Viño de clausura




Intervirán:

**Claudio M. Garrido Martínez**
Alcalde de Sarria

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**
Directora xeral de Administración Local da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

**María Sol López Martínez**
Secretaria xeral de Política Lingüística

**Emilio López Pérez**
Delegado provincial da Consellería do Medio Rural

**Xermán García Cancela**
Director do Proxecto Toponimia de Galicia e secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia

**Óscar Castro Castedo**
Coordinador dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia no SITGA